

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2019 pola que se autoriza o plan de xestión coa arte de boliche entre os meses de xullo e outubro de 2019.

O artigo 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o uso do boliche só se permitirá logo da aprobación do oportuno plan de xestión entre os meses de xullo e outubro.

En base no disposto co citado artigo,

RESOLVO:

Autorizar o plan de xestión coa arte de boliche en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo os seguintes termos e condicións.

1. Participantes. Unicamente participarán no plan as embarcacións que estean en posesión do permiso de explotación en vigor no que lle figure recoñecido o dereito a faenar coa arte de boliche.

2. Arte. A arte a utilizar será o boliche, nas condicións establecidas nos artigos 114 ao 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Especies. A especie obxecto de captura será a lura e especies acompañantes, que deberán estar en época de extracción e superar o tamaño mínimo.

4. Época autorizada e horario. De acordo co disposto no artigo 116 do citado decreto, o período autorizado de uso da arte abrangue os meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2019. O horario será exclusivamente diúrno, do orto ao ocaso e de luns a venres.

5. Zona de pesca. A zona de pesca abranguerá as augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre o paralelo que pasa por Punta Carreiro (Monte Louro) e Cabo Silleiro, situadas por dentro das liñas de base definidas no Real decreto 2510/1977, do 5

CVE-DOG: 6x5fghx1-xyb4-sta4-gep7-qmnnxh4fvtk5



de agosto, sobre trazado de liñas de base recta en desenvolvemento da Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a 12 millas, para efectos de pesca.

6. Punto de control. Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

7. Control e seguimento da actividade pesqueira.

a) Despachos telemáticos. Deberán despachar as embarcacións no apartado de adhesión a plan de explotación: «[BOLICHE (13A) PLAN BOLICHE 2019 (C.A. GALICIA)]». Polo tanto, as embarcacións que despachen a un plan de explotación só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasaría á situación de «pendente rexistro actividade».

b) Remisión de datos de capturas. Con periodicidade mensual a confraría deberá remitir datos diarios de extracción por especie, utilizando como modelo o que como anexo se acompaña, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía correo electrónico á dirección serviciopesca@xunta.gal. A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa definitiva do plan.

c) Mostraxes. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

8. Extracción e comercialización. A presente resolución queda condicionada ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

9. Infraccións e sancións. O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

CVE-DOG: 6x5fghx1-xyb4-sta4-gep7-qmnnxh4fvtk5



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2019

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar

ANEXO

Declaración de capturas de embarcaciones

Nome do plan: ...

Ano: ...

Mes: ...

Horario: ...

[illegible]

(1) A cubrir unicamente naqueles plans nos que se emprega esta arte.

(2) Cando unha embarcación capture varias especies no mesmo mes deberá cubrirse unha casilla por cada especie.

